



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

DECRETO. Convocatoria de sesión constitutiva da nova Corporación.

Debendo constituírse o próximo día 15 de xuño a nova Corporación resultante das Eleccións Locais celebradas o día 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, e artigo 37 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.-

Considerando que, se ben a sesión constitutiva é convocada por ministerio da Lei ao vir predeterminada a data da súa celebración nas disposicións mencionadas, sen embargo estas non establecen a hora en que dita sesión deba celebrarse.-

En uso das atribucións que á Alcaldía confiren as disposicións vixentes, e na miña calidade de Alcalde en funcións, polo presente RESOLVO:
Convocar aos señores candidatos proclamados electos nas pasadas Eleccións Locais de 26 de maio de 2019, á sesión constitutiva da nova Corporación que terá lugar o próximo día *15 de xuño* no Salón de Sesións do Concello (edificio da antiga Axudantía de Mariña), fixando a súa celebración *ás 12.00 horas*.-
